

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 13 de xaneiro de 2017**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Carlos López Font  
M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez  
D. Angel Rivas González.  
D. Jaime Aneiros Pereira.

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup>. Carmen Silva Rego  
D. David Regades Fernández  
D. Cayetano Rodríguez Escudero.  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isaura Abelairas Rodríguez

**Invitados**

D. Javier Pardo Espiñeira  
D. José Manuel Fernández Pérez  
D<sup>a</sup>. Ana Laura Iglesias González  
D. Santos Hector Rodríguez Díaz  
D<sup>a</sup>. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día trece de xaneiro de dous mil dezasete e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(10).- ACTA ANTERIOR.** Apróbbase a acta da sesión actas da sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 23 de decembro, e extraordinarias e urxentes do 26, 27 e 29 de decembro de 2016. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

**2(11).-MODIFICACIÓN DA COMPOSICIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 5266/241.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 10/01/17, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, e polo concelleiro-delegado de dito servizo, que di o seguinte:

## NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do Sector Público (TRLCSF)
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos del Sector Público (RLCSF)

## ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno local, na sesión que tivo lugar o 26 de xuño de 2015, aprobou a composición da Mesa de Contratación do Concello de Vigo.

Con data do 4 de marzo de 2016, a Xunta de Goberno local aprobou unha reestructuración organizativa e funcional dos servizos xurídicos municipais (expte. 27399-220) que conlevou a reconfiguración dos seguintes postos:

- “Xefe/a Servicio Recursos Asesoramento”, que pasa a ser “letrado/a-xefe/a de Asesoramento”
- “Xefe/a Servicio Contencioso”, que pasa a ser “xefe/a Área Xudicial”
- “Adxunto/a xefe/a Servicio Contencioso”, que pasa a ser “letrado/a especialista na orde socia, civil, contenciosa e mercantil”

Os titulares dos anteriores postos forman parte da Mesa de Contratación, polo que cómpre modificar a composición da Mesa co obxecto de actualizala aos novos postos.

O 10 de xuño de 2016, foi modificada a composición da Mesa por mor da incorporación da funcionaria, D<sup>a</sup>. Ángela Fernández López, en calidade de secretaria.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A lei de contratos impón como órgano necesario de asistencia aos órganos de contratación das Administracións Públicas nos procedementos abertos e restrinxidos e nos procedementos negociados con publicidade aos que se refire o artigo 177.1, a Mesa de contratación, que será o órgano competente para a valoración das ofertas. En cambio, nos procedementos negociados nos que non sexa necesario publicar anuncios de licitación, a constitución da Mesa será potestativa para o órgano de contratación (artigo 320 TRLCSF).

No caso do Concello de Vigo, por acordo da Xunta de Goberno local do 15 de xullo de 2011, a Mesa é obrigatoria tamén para os procedementos negociados sen publicidade.

Segundo.- Establécese unha composición mínima e obrigatoria das mesas de contratación das Entidades Locais na disposición adicional segunda do TRLCSF, no seu punto 10. En cumprimento desta disposición, a Xunta de Goberno local do

Concello de Vigo, aprobou, mediante acordo de data 26 de xuño de 2015, a composición da súa mesa.

En función do exposto nos antecedentes, procede modificar a súa composición no tocante aos suplentes da vogal titular da Asesoría Xurídica.

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Primeiro.- Modificar a composición da Mesa de Contratación, concretamente a denominación dos postos dos suplentes da titular da Asesoría Xurídica, para axustalos ás denominacións derivadas do acordo da Xunta de Goberno local do 4 de marzo de 2016, de reestruturación organizativa e funcional dos servizos xurídicos municipais.*

*A Mesa de Contratación quedará formada polos seguintes membros:*

*1. Presidente: D. David Regades Fernández, concelleiro delegado de Contratación. Suplentes:*

- D. Francisco Javier Pardo Espiñeira*
- D. Carlos López Font*
- D. Santos Héctor Rodríguez*
- D<sup>a</sup>. María José Caride Estévez*
- D<sup>a</sup>. María Jesús Lago Rey*

*2. Vogais:*

- D. Francisco Javier Pardo Espiñeira, suplentes: D. Carlos López Font, D. Santos Héctor Rodríguez, D<sup>a</sup>. María José Caride Estévez e D<sup>a</sup>. María Jesús Lago Rey*
- D<sup>a</sup>. Elena Muñoz Fonteriz, suplentes: D. Diego Gago Bugarin e D. Miguel Fidalgo Iglesias*
- D. Rubén Pérez Correa, suplentes: D<sup>a</sup>. Margarita López Barreiro e D. Xosé Lois Jácome Enríquez*

*3. Titular da Asesoría Xurídica*

*Suplentes:*

- D. Pablo Olmos Pita, técnico de Administración Xeral, letrado especialista na orde social, civil, contenciosa e mercantil*
- D<sup>a</sup>. Susana García Álvarez, técnica de Administración Xeral, letrada xefa de Asesoramento*
- D. Xesús Costas Abreu, técnico de Administración Xeral, xefe Área Xudicial*

*4. Interventor Xeral:*

*Suplentes:*

- D<sup>a</sup>. Catalina Alfayate Rodríguez, técnica de Fiscalización e Control Financeiro
- D<sup>a</sup>. Dolores Hernández Vidal, xefa do Servizo de Fiscalización
- D. Javier Muradás Blanco, técnico medio dos Servizos Económicos da Intervención Xeral

5. Secretario Xeral do Pleno:

- Suplente: secretario da Administración Municipal, D. Manuel Xosé Lorenzo Penela

6. Xefe do servizo xestor do expediente que se trate ou persoa na que delegue

7. Secretario:

- D<sup>a</sup>. Beatriz Barbará Rodríguez, xefa do Servizo de Contratación
  - D<sup>a</sup>. Ángela Fernández López, técnica de Administración Xeral
- Suplente: D. Lucio Varela Borreguero, técnico de Administración Xeral

Segundo.- Comunicar o presente acordo á Mesa de Contratación para os efectos oportunos.

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**3(12).-PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO II CANICROSS E TRAIL DE VALADARES O VINDEIRO 15 DE XANEIRO DE 2017. EXPTE. 15632/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 10/01/17, asinado polo coordinador deportivo, o secretario de Admón. Municipal e o concelleiro delegado de Deportes, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES:

A entidade Club Kennel Den, NIF (G-94129079), solicitou o día 3-10-2016 a través do Rexistro Municipal (Doc. 160131114), autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- Nome do evento: II CANICROSS E TRAIL DE VALADARES
- Data: 15 de xaneiro de 2017
- Horario: DE 09.00H A 14.00H

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dito evento que terá lugar o vindeiro domingo 15 de xaneiro de 2017. A proba comezará ás 09.00h, cunha duración aproximada de cinco horas. Esta proba terá o percorrido seguinte: saída do colexio CEIP Sobreira Valladares, para seguir polos montes da Comunidade de Montes de Valadares.

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- Policía Local
- Seguridade

Tamén se comunicou o evento a Protección Civil, cara á cobertura do mesmo, así como a Comunidade de Montes de Zamáns.

## **2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:**

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Visto o anterior, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo.

## **3- PROPOSTA DE ACORDO:**

Autorizar a entidade Club Kennel Den, NIF (G-94129079), a organizar a proba deportiva denominada II CANICROSS E TRAIL DE VALADARES, o vindeiro mércores 15 de xaneiro de 2017, en horario de 09.00 a 14.00 horas. A proba terá a súa saída dende o CEIP do Sobreira Valadares e seguirá polos montes de Zamáns.

## **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **4(13).-PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES MUNICIPAIS PARA O ANO 2017 NOS CONSELLOS ESCOLARES DOS CENTROS DE ENSINO PÚBLICO DE EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA E SECUNDARIA. EXPTE.18410/332.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 5/01/17, dáse conta do informe-proposta de 28/11/16, asinado polo técnico do Servizo de Educación, a xefa do servizo, a concelleira-delegada de Educación e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda e fiscalizado de conformidade polo interventor xeral, que di o seguinte:

*Os municipios exercerán como competencia propia nos términos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, na seguinte materia de "conservación, mantemento e vixianza dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria e de educación especial, segundo se recolle no art. 25.2,*

apartado n)", da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, segundo redacción pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalidade e sostenibilidade da Administración Local.

A Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio de Educación (LOE), establece o Consello Escolar no seu Capítulo III "Órganos Colexiados de goberno y de coordinación docente de los centros públicos", artigos 126 e 127; que se modifica nos artigos 79 e 80 da Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE). Consonte á normativa legal vixente, o Consello Escolar de Centro defínese como o órgano de participación da comunidade escolar, ademais de constituír a canle para o control e a xestión dos fondos públicos. A participación é o mecanismo idóneo para atender axeitadamente os dereitos e liberdades das nais e pais, do profesorado e alumnado.

Os Concellos, como organismos que teñen responsabilidades legais no mantemento dos colexios públicos e que colaboran coa Administración responsable na común tarefa de educar, teñen un representante municipal nos Consellos Escolares dos centros de ensino público. Estes representantes municipais nos consellos escolares de centros, desempeñarán as atribucións que están establecidas no artigo 80 da LOMCE e nos Decretos que serán desenvolvidos con posterioridade. Como funcións específicas dos representantes municipais cabe salientar as seguintes:

1. Achegar os recursos ubicados no Municipio á escola, para levar á práctica o principio de interacción escola-medio.
2. Levar a realidade da escola, as súas necesidades e propostas ao Concello, e si fora preciso trasladala a outras institucións ou áreas da Administración Pública.
3. Velar pola neutralidade dos centros públicos e porque se respeten e cumpran os dereitos dos diferentes sectores da Comunidade Educativa, especialmente os que recollen os artigos 14, 16, 20 e 27 da Constitución, da LOE que posteriormente foi modificada pola LOMCE e dos Decretos que serán desenvolvidos con posterioridade..
4. Canalizar os procesos de admisión de alumnado de acordo coa planificación xeral que se realice pola Administración Educativa.
5. Canalizar a información e propostas sobre prestación de servizos complementarios como os comedores escolares, transporte ou becas.
6. Plantexar ao Consello Escolar, que con criterios pedagóxicos se programen actividades orientadas a facer dos centros lugares axeitados para unha acción educativa.
7. Por especial atención ao seguimento do Plan de Centro.
8. Velar para que se cumpra a LOE que posteriormente foi modificada pola LOMCE, e especialmente acadar que a escolarización obrigatoria e gratuíta se faga compensando as desigualdades.
9. Comprobar que o destino dos recursos económicos que reciben do Concello os colexios públicos de educación infantil e primaria ,é o que está previsto no expediente de financiamento municipal de autoxestión correspondente, destinado as tarefas de mantemento preventivo e ordinario.

Con estas funcións específicas, e seguindo instrucións da Concelleira Delegada de Educación, a proposta xeral do Servizo de Educación do Concello de Vigo é que o persoal nomeado para este cometido sexan funcionarios e funcionarias adscritos ao servizo de Educación, Benestar Social, Xuventude e Admon. de Tributos polo seu coñecemento na xestión das competencias educativas municipais e pola súa experiencia en promover e planificar dende estes Servizos municipais intervencións de apoio ao ensino.

*Por outra banda, se facilitan así as xuntanzas de coordinación e intercambio de información referente ás actuacións municipais no eido do ensino, que obrigatoriamente deberán manter os/as representantes municipais co obxecto que o desenvolvemento deste programa sexa eficaz para acadar unha axeitada interacción Concello-Escola.*

*A efectos retributivos, a cantidade económica a percibir polos/as representantes municipais por asistencias aos Consellos Escolares de Centro serán, as homologadas por asistencia e participación en tribunais de oposicións, concursos, ou outros órganos encargados da selección de persoal; por unha banda, na categoría segunda de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos grupos A e B quedando establecidas en 39,78.-€, e por outra banda, na categoría terceira de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos grupos C e D quedando establecidas en 36,72.-€, consonte co Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razóns de servizo.*

*As asistencias aos Consellos escolares de Centro se totalizarán, a efectos de pago, dúas veces ó ano, o 31 de Xullo e o 31 de Decembro de 2017. Os custes totais destinados ao pago das dietas por asistencias aos Consellos Escolares de Centro para o ano 2017, serán aplicados como anticipado de gasto con cargo á partida presupostaria 3230.233.00.00 "Dietas de asistencia a Consellos Escolares" do presuposto de 2017, quedando esta contía supeditada á dispoñibilidade de crédito axeitado e suficiente nese exercizo orzamentario futuro.*

*Por todo o anteriormente exposto, solicítase á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:*

*Primeiro.- Nomear representantes municipais nos consellos escolares de centro das escolas e colexios públicos de Vigo, as persoas que de seguido se relacionan, con vixencia dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2017.*

ZONA 1.

*PEDRO M<sup>a</sup> VÁZQUEZ IGLESIAS (NIF 11.904.805-M) Pertenece ao Grupo A2*

- 1. CEIP Emilia Pardo Bazán.*
- 2. CEIP Illas Cíes.*
- 3. CEIP Escultor Acuña.*
- 4. CEIP Seis do Nadal.*
- 5. CEIP Pintor Laxeiro.*
- 6. IES Alexandre Bóveda.*
- 7. IES Alvaro Cunqueiro.*
- 8. Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV)*

ZONA 2.

*MARÍA JOSÉ LOUREIRO BADA (NIF 36.080.259-K) Pertenece ao Grupo A1*

- 1. CEIP Frián- Teis.*
- 2. CEIP Paraixal.*
- 3. CEP Santa Tegra.*
- 4. CEIP Vicente Risco.*
- 5. CEIP García Barbón.*
- 6. CEIP Lope de Vega.*
- 7. CEIP Sárdoma Moledo.*

### ZONA 3.

ROSA MARÍA TORRES BOUZAS (NIF 36.019.300-N) *Pertenece ao Grupo C1*

1. Escola Infantil Municipal Sta. Cristina.
2. Escola Infantil Municipal Atalaia.
3. Escola Infantil Municipal Sta. Marta.
4. Escola Infantil Municipal Costeira.
5. Escola Infantil Municipal Tomás Alonso.
6. Escola Infantil Municipal Bouzas.
7. Escola Infantil Municipal Mestres Goldar.
8. Escola Infantil Municipal Navia.
9. CEP Doutor Fléming.
10. EEI Villalaura.

### ZONA 4.

IGNACIO OJEA PÉREZ (NIF 36.046.809-J) *Pertenece ao Grupo A1*

1. CEIP Candeán Igrexa.
2. CEIP Candeán Fonteescura.
3. CEIP Alcabre- Javier Sensat.
4. CEIP Bouzas Virxe do Rocío.
5. CEIP Navia A. R. Castelao.
6. CEIP Comesaña-Párroco Don Camilo.
7. IES Sta. Irene.
8. IES Sto. Tomé de Freixeiro.

### ZONA 5

PILAR CARNEIRO MINIÑO (NIF 76.986.963-Y) *Pertenece ao grupo A1*

1. IES ROU (Rosais I).
2. IES Rosais II.
3. IES Coruxo Carrasqueira.
4. CEIP A Paz-Tintureira.
5. CEIP Ría de Vigo
6. CEIP Mestres Goldar.

### ZONA 6

BELÉN MEDIERO RODRÍGUEZ (NIF 36.063.755-P) *Pertenece ao grupo A2*

1. IES O Castro.
2. IES Politécnico.
3. IES Valadares.
4. CEIP Santa Mariña (Cabral).
5. CEIP Sello Cabral.
6. CEE Saladino Cortizo

### ZONA 7

ANGELES LANDIN LORENZO (NIF 36.091.654-P) *Pertenece ao grupo C1*

1. CEIP Eduardo Pondal.
2. CEIP O Pombal.
3. E.E.I Rúa Aragón
4. E.E.I. Palencia.
5. E.E.I Hernán Cortés.



6. CEIP Balaidos.

ZONA 8

MARIA JOSÉ FARALDO RIVAS (NIF: 36.056.377-J) Pertenece a grupo C2

1. E.E.I. Cristo da Victoria.
2. E.E.I. Monte da Guía.
3. CEIP Altamar.
4. CEIP Canicouva- Pereiró.
5. CEP Celso Emilio Ferreiro.
6. CEIP Ramón y Cajal.

ZONA 9

MARIA JESÚS SANROMAN VARELA (NIF: 36.018.668-R) Pertenece a grupo A2

1. CEIP San Salvador (Teis).
2. CEIP Josefa Alonso.
3. CEIP Otero Pedraio.
4. IES Teis.
5. IES A Guía.
6. IES Beade.

ZONA 10

MARIA JOSÉ THOMAS BERBEN (NIF: 8.758.892-D) Pertenece a grupo A2

1. CEIP Mosteiro-Bembrive.
2. CEIP Chans-Bembrive.
3. CEIP Carrasqueira-Coruxo.
4. CIFP Manuel Antonio.
5. CIFP Valentín Paz Andrade.
6. EPA Barbés.

ZONA 11

YOLANDA FAJIN TORRES (NIF: 33.297.554-V) Pertenece a grupo A2

1. CEIP A Doblada.
2. CEIP Valle Inclán.
3. CEIP Carballal (Cabra).
4. IES Castelao.
5. IES Carlos Casares.
6. IES Ricardo Mella.

ZONA 12

ESTELA ROSENDE VILLAR (NIF 36.069.110-G) Pertenece a grupo A2

1. CEIP Igrexa-Valadares.
2. CEIP Sobreira-Valadares.
3. CEIP Coutada-Beade.
4. EEI Monte do Alba.
5. EEI Zamáns.
6. E.E.I. Valadares.

Segundo.- Aprobar a aplicación para este concepto da dieta de 39,78.-€, establecida na actualidade para a categoría segunda de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos Grupos A e B e da dieta de 36,72.-€, establecida na actualidade para a categoría terceira de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos Grupos C e D, consonte co Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razóns de servicio.

As asistencias aos Consellos escolares de Centro se totalizarán, a efectos de pago, dúas veces ó ano, o 31 de Xullo e o 31 de Decembro de 2017.

A previsión do gasto anual polo concepto "Dietsas de asistencia dos Representantes Municipais nos Consellos Escolares dos Centros Públicos de Vigo" é de 12.000.-€, con cargo á partida 3230.233.00.00 do presuposto de 2017, quedando esta contía supeditada á dispoñibilidade de crédito axeitado e suficiente nese exercizo orzamentario futuro.

Terceiro.- Establecer a perda da condición de representante municipal para quen non xustifique, antes da súa realización, a súa ausencia á reunión do consello escolar de centro ou á de coordinación do Servizo de Educación que, a fin de estudar a situación xeral, se convocará, cando menos, mensualmente.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **5(14).-NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE DOUS/DÚAS AXUDANTES DE OFICIOS BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ART. 10.1.D) DO RDL 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO, DO TRLEBEP, POR UN PRAZO MÁXIMO DE SEIS MESES, PARA O SERVIZO DE LIMPEZA. EXPTE. 28602/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 3/01/17, dáse conta do informe-proposta de data do 30/12/16, do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, conformado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de área de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

#### **1.- ANTECEDENTES**

Con data 18 de agosto de 2016, o Xefe do Servizo de Limpeza Viaria, coa conformidade do Concelleiro-delegado de Fomento, Limpeza e Contratación, remite oficio manifestando a urxente necesidade de proceder ao nomeamento interino por acumulación de tarefas de dous/dúas axudantes de oficios para as brigadas de limpeza Servizo, debido a que debido ás recentes xubilacións e traslados de servizo por adaptación de postos de traballo, o persoal do que dispón é insuficiente para acometer con garantías as responsabilidades encomendadas a esa Concellería.

En resposta a dita petición, o concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 05 de setembro de 2016, solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder a maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local de dous axudantes de oficios por acumulación de tarefas, previsto no artigo 10.1.d). do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se

aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Limpeza nos termos da solicitude do responsable do Servizo de data 18 de agosto do presente ano 2016.

En cumprimento do ordenado, con data 29/12/2016, polo técnico que subscribe, formúlase a proposta de gasto e o correspondente informe técnico-económico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer. En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 318-Vixiante de instalacións municipais), adscritos, entre outros, ao Servizo de Educación, cód. 332, da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase de luns a domingo, en xornada continuada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do Servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

## II. Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito de petición do Xefe do Servizo de Limpeza Viaria, que así mesmo conta coa conformidade do Concelleiro-delegado de Fomento, Limpeza e Contratación, así como na instrución de servizo do concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal de 05/09/2016 e no informe do funcionario informante, resulta acreditada a urxencia dos nomeamentos propostos, resultando acreditado que o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das que figuran nas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas na Lei 48/2015, de orzamentos xerais do Estado para o presente ano 2016 e, de igual xeito na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

Trátase polo tanto dunha competencia propia e obrigatoria, recollida no apartado 1º das referidas Instrucións, xa que se trata dun servizo público prioritario e obrigatorio segundo se recolle na Lei Reguladora das Bases de Réxime Local (art. 25, parágrafo 2, letra b) e j) e, 26 da Lei 7/ 1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, o que se fai constar, segundo o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas nas anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 20 de xuño pasado, a propósito da clarificación das competencias das Entidades Locais distintas das propias e das atribuídas por delegación, considerándose a prestación do servizo de limpeza viaria, como servizo público esencial e obrigatorio, infórmase favorablemente aos devanditos nomeamentos, tendo en conta a minoración que supón nos créditos correspondentes a postos vacantes.

A urxencia dos nomeamentos propostos queda acreditada no escrito de petición de data 18 de agosto de 2016, do Xefe do Servizo de Limpeza Viaria, que conta coa conformidade do Concelleiro-delegado de Fomento, Limpeza e Contratación, que figura no expediente.

### III. Proposta de gasto:

De acordo co informe económico que consta no expediente, os nomeamentos interinos propostos por un período máximo de seis meses, de dous/dúas axudantes de oficios para o Servizo de Limpeza Viaria, supón un gasto de 21.474,27€, ao que haberá que engadirse a cantidade de 7.451,57€ en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa, polo que este importe minguará necesariamente os importes das modificacións propostas, debendo percibir o soldo correspondente ó corpo ó que pertencen as vacantes (posto Cód. 147-Axudante de Oficios), da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de contratacións temporais", prevista no orzamento para o vindeiro ano 2017, aprobado polo Pleno da Corporación na súa sesión de 27 de decembro actual, dentro do Capítulo I de gastos.

### IV. Verificación das listas de reserva:

Nas bases xerais correspondentes a Oferta de Emprego correspondente ao ano 2008, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 28 de maio, 5 de agosto e 24 de setembro de 2010, BOP de 19 de xullo de 2010 e DOG de 17 de novembro de 2010, acordouse expresamente que *"os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado sen dereito a obter praza, formarán parte dunha lista de substitucións, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados interinamente como funcionarios/as interinos/as polas circunstancias previstas no artigo 10.1 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, e normativa de concordante aplicación e da lexislación vixente."*

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 18 de decembro de 2015 aprobou uns novos criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo (expte. 26797/220), modificados puntualmente en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 3 de febreiro de 2016 (expte 27642/220), establecendo un réxime transitorio co seguinte tenor literal: "VII.- RÉXIME TRANSITORIO.- En canto á limitación temporal de 3 anos de vixencia das listas, o presente acordo terá efectos naquelas listas de reserva derivadas de procesos de selección de persoal que se realicen con posterioridade á data de adopción do mesmo, quedando as listas preexistentes suxeitas a un límite temporal de 3 anos como máximo", a contar dende a data de adopción do referido acordo. Ditas normas foron modificadas novamente segundo acordo coa Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/07/2016, expte. 28442/220 en canto a número mínimo de temas por grupos de función e no que respecta aos membros/as da Comisión de Seguimento da utilización de listas.

En execución da última oferta de emprego público deste Concello tiveron lugar as probas selectivas para a cobertura en réxime laboral fixo de vinteseite prazas de Axudantes de oficios, figurando na acta do tribunal de data 26 de decembro de 2011 a correspondente proposta de contratación, formalizando contrato laboral fixo con data 1 de febreiro de 2012, trala autorización da Xunta de Goberno Local de 20 de xaneiro anterior. Na referida proposta do Órgano de Selección, figura a relación de aspirantes que a efectos do previsto no artigo 61.8 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (actualmente no mesmo artigo do R.D. Lexislativo 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público), tendo superadas todas e cada unha das probas de que constou a oposición, e, de conformidade coas bases xerais da convocatoria pasen a formar parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados/as ou contratadas como persoal interino ou laboral.

Seguindo estritamente a orde da lista a que se refire o parágrafo anterior e consultados os datos que obran nesta Área, corresponde o nomeamento como axudantes de oficios dos aspirantes que figuran nas posicións núms. 45-CAPELO RODIÑO, JOSÉ RAMÓN, DNI. 44.082.760-V e, D. 19-OTERO CORREA, JOSÉ MARÍA, DNI 33.810.572-C, que aceptaron expresamente optar ao referido nomeamento interino por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público acreditando nesta Área de Recursos Humanos e Formación os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto, non existindo nesa data da sinatura da instrución de servizo ningún outro aspirante en condicións de ser nomeado.

Consultados os datos que obran no programa informático de xestión de persoal, verifícase que os dous aspirantes propostos como axudantes de oficios levan mais de seis meses dende que remataron o seu último nomeamento interino (art. 10.1.d) do Texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, expte. 27016/220 e 27276/220, aprobados pola Xunta de Goberno Local nas súas sesións de datas 25/09/15 e 27/11/15, rematando o mesmo en datas 27/03/16 e 31/05/16, polo que están en condicións de ser novamente nomeados/as.

#### V. Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 19/06/2015, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

#### PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento de dous/dúas funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como Axudantes de oficios, Grupo Transitorio E de Titulación, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do

Servizo de Educación e, en consecuencia, autorizar o gasto por 21.474,27€, xunto cos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00 do vindeiro exercicio económico, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

SEGUNDO: Nomear funcionarios interinos por acumulación de tarefas como Axudantes de Oficios, por un período máximo de seis meses, á D. JOSÉ RAMÓN CAPELO RODIÑO, DNI. 44.082.760-V e, D. JOSÉ MARÍA OTERO CORREA, DNI 33.810.572-C, na súa condición de seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios da oposición na última convocatoria para a provisión de prazas de Axudantes de Oficios, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2008, de conformidade coas bases xerais da mesma, e no disposto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, estando suxeito o dito vínculo ao réxime funcional (relación de servizo de carácter temporal, suxeita ao Dereito Administrativo).

TERCEIRO: Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 147-Axudante de oficios, sendo adscritos ao Servizo de Limpeza Viarúa (cód. 252), sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poidan desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral dos funcionarios interinos nomeados desenvolverase de luns a domingo, en horario de mañá ou tarde, segundo ás necesidades do Servizo que garantan ós seus períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo aos aspirantes nomeados, ao Xefe do Servizo de Limpeza Viarúa, á Intervención Xeral, a Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**6(15).-NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE DOU/DÚAS AXUDANTES DE OFICIOS BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ART. 10.1.D) DO RDL 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO, DO TRLEBEP, POR UN PRAZO MÁXIMO DE SEIS MESES, PARA O SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE. EXPTE. 28604/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 3/01/17, dáse conta do informe-proposta de data do 29/12/16, do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, conformado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de área de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

**1.- ANTECEDENTES**

Con data 22 de agosto de 2016, o Xefe do Servizo de Medio Ambiente, coa conformidade da Concelleira-delegada da Área de Medio Ambiente e Xuventude, remite oficio manifestando a urxente necesidade de proceder ao nomeamento interino por acumulación de tarefas de dous/dúas axudantes de oficios para a brigada do dito Servizo, debido a que tras a finalización do proceso selectivo para prover en propiedade dúas prazas de Oficial Xardineiro correspondente á Oferta de Emprego Público 2012, os dous Axudantes de Oficios da dita brigada promocionaron ás ditas prazas de Oficial Xardineiro .

En resposta a dita petición, o concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 06 de setembro de 2016, solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder a maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local de dous axudantes de oficios por acumulación de tarefas, previsto no artigo 10.1.d). do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Medio Ambiente nos termos da solicitude do responsable do Servizo de data 22 de agosto do presente ano 2016.

En cumprimento do ordenado, con data 29/12/2016, polo técnico que subscribe, formúlase a proposta de gasto e o correspondente informe técnico-económico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer. En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

I.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias



consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 318-Vixiante de instalacións municipais), adscritos, entre outros, ao Servizo de Educación, cód. 332, da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantitativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase de luns a domingo, en xornada continuada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do Servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

## II. Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito de petición do Xefe do Servizo de Medio Ambiente, que así mesmo conta coa conformidade da Concelleira-delegada da Área, as í como na instrución

de servizo do concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal de 06/09/2016 e no informe do funcionario informante, resulta acreditada a urxencia dos nomeamentos propostos, resultando acreditado que o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das que figuran nas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas na Lei 48/2015, de orzamentos xerais do Estado para o presente ano 2016 e, de igual xeito na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

Trátase polo tanto dunha competencia propia recollida no apartado 1º das referidas Instrucións, xa que se trata dun servizo público prioritario e obrigatorio segundo se recolle na Lei Reguladora das Bases de Réxime Local (art. 25, parágrafo 2, letra b) da Lei 7/ 1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, o que se fai constar, segundo o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas nas anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 20 de xuño pasado, a propósito da clarificación das competencias das Entidades Locais distintas das propias e das atribuídas por delegación, considerándose a prestación do servizo de medio ambiente urbano: en particular, a protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas, como servizo público esencial, infórmase favorablemente aos devanditos nomeamentos, tendo en conta a minoración que supón nos créditos correspondentes a postos vacantes.

A urxencia dos nomeamentos propostos queda acreditada no escrito de petición de data 22 de agosto de 2016, do Xefe do Servizo de Medio Ambiente, que conta coa conformidade da Concelleira-delegada da Área de Medio Ambiente e Xuventude que figura no expediente.

### III. Proposta de gasto:

De acordo co informe económico que consta no expediente, os nomeamentos interinos propostos por un período máximo de seis meses, de dous/dúas axudantes de oficios para o Servizo de Educación, supón un gasto de 21.474,27€, ao que haberá que engadirse a cantidade de 7.451,57€ en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa, polo que este importe minguará necesariamente os importes das modificacións propostas, debendo percibir o soldo correspondente ó corpo ó que pertencen as vacantes (posto Cód. 147-Axudante de Oficios), da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de contratacións temporais", prevista no vixente orzamento para o ano 2016, dentro do Capítulo I de gastos.

### IV. Verificación das listas de reserva:

Nas bases xerais correspondentes a Oferta de Emprego correspondente ao ano 2008, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 28 de maio, 5 de agosto e 24 de

setembro de 2010, BOP de 19 de xullo de 2010 e DOG de 17 de novembro de 2010, acordouse expresamente que *“os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado sen dereito a obter praza, formarán parte dunha lista de substitucións, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados interinamente como funcionarios/as interinos/as polas circunstancias previstas no artigo 10.1 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, e normativa de concordante aplicación e da lexislación vixente.”*

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 18 de decembro de 2015 aprobou uns novos criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo (expte. 26797/220), modificados puntualmente en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 3 de febreiro de 2016 (expte 27642/220), establecendo un réxime transitorio co seguinte tenor literal: *“VII.- RÉXIME TRANSITORIO.- En canto á limitación temporal de 3 anos de vixencia das listas, o presente acordo terá efectos naquelas listas de reserva derivadas de procesos de selección de persoal que se realicen con posterioridade á data de adopción do mesmo, quedando as listas preexistentes suxeitas a un límite temporal de 3 anos como máximo”,* a contar dende a data de adopción do referido acordo. Ditas normas foron modificadas novamente segundo acordo coa Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/07/2016, expte. 28442/220 en canto a número mínimo de temas por grupos de función e no que respecta aos membros/as da Comisión de Seguimento da utilización de listas.

En execución da última oferta de emprego público deste Concello tiveron lugar as probas selectivas para a cobertura en réxime laboral fixo de vinteseite prazas de Axudantes de oficios, figurando na acta do tribunal de data 26 de decembro de 2011 a correspondente proposta de contratación, formalizando contrato laboral fixo con data 1 de febreiro de 2012, trala autorización da Xunta de Goberno Local de 20 de xaneiro anterior. Na referida proposta do Órgano de Selección, figura a relación de aspirantes que a efectos do previsto no artigo 61.8 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (actualmente no mesmo artigo do R.D. Lexislativo 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público), tendo superadas todas e cada unha das probas de que constou a oposición, e, de conformidade coas bases xerais da convocatoria pasen a formar parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados/as ou contratadas como persoal interino ou laboral.

Seguindo estritamente a orde da lista a que se refire o parágrafo anterior e consultados os datos que obran nesta Área, corresponde o nomeamento como axudantes de oficios dos aspirantes que figuran nas posicións núms. 42-MORILLO PEREDA, FRANCISCO, DNI. 36.075.127-H e, D. 59-FAJARDO FARIÑAS, JESÚS, DNI 36.130.401-T, que aceptaron expresamente optar ao referido nomeamento interino por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público acreditando nesta Área de Recursos Humanos e Formación os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto, non existindo a data da sinatura da instrución de servizo ningún outro aspirante en condicións de ser nomeado, toda vez que os aspirantes núms, 19-Otero Correa, José M<sup>a</sup> e, 45-Capelo Rodiño, José Ramón, figuran propostos nos expedientes núms. 28602/220 e 28604/220 coa mesma categoría profesional para o Servizo de Limpeza.

Consultados os datos que obran no programa informático de xestión de persoal, verifícase que os dous aspirantes propostos como axudantes de oficios levan mais de seis meses dende que remataron o seu último nomeamento interino (art. 10.1.d) do Texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, expte. 25127/220 e 27136/220, aprobados pola Xunta de Goberno Local nas súas sesións de datas 09/05/14 e 06/11/15, rematando o mesmo en datas 13/11/14 e 08/05/16, polo que están en condicións de ser novamente nomeados/as.

#### V. Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 19/06/2015, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

#### PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento de dous/dúas funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como Axudantes de oficios, Grupo Transitorio E de Titulación, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Educación e, en consecuencia, autorizar o gasto por 21.474,27€, xunto cos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

SEGUNDO: Nomear funcionarios interinos por acumulación de tarefas como Axudantes de Oficios, por un período máximo de seis meses, á D. FRANCISCO MORILLO PEREDA, DNI. 36.075.127-H e, D. JESÚS FAJARDO FARIÑAS, DNI 36.130.401-T, na súa condición de seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios da oposición na última convocatoria para a provisión de prazas de Axudantes de Oficios, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2008, de conformidade coas bases xerais da mesma, e no disposto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, estando suxeito o dito vínculo ao réxime funcional (relación de servizo de carácter temporal, suxeita ao Dereito Administrativo).

TERCEIRO: Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 147-Axudante de oficios, sendo adscritos ao Servizo de Medio Ambiente (cód. 215), sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poidan desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral dos funcionarios interinos nomeados desenvolverase de luns a domingo, en horario de mañá ou tarde, segundo ás necesidades do Servizo que garantan ós seus períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo aos aspirantes nomeados, ao Xefa do Servizo de Medio Ambiente, á Intervención Xeral, a Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **7(16).-DAR CONTA DO NOMEAMENTO DE PERSOAL EVENTUAL (ASESORA DA ALCALDÍA E AUXILIAR ADMINISTRATIVA DE ALCALDÍA). EXPTE. 28991/220.**

Dáse conta da referida resolución de Alcaldía, de data 30/11/16, que di o seguinte:

Esta Alcaldía-Presidencia, ao abeiro do disposto no art. 12 do Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, en canto ao persoal eventual e, no uso das competencias atribuídas polo artigo 124.4, apartados b) e i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, ditou resolución en data 15/06/2016, na que se nomeaba a D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Carmen Peralejo Abeleira como auxiliar administrativa do Grupo Municipal Socialista.

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria realizada o 29/04/2016, adoptou acordo de modificación puntual da vixente relación de postos de traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do 16/11/2010)-Postos de persoal eventual, que foi obxecto de publicación no BOP do 14/06/2016.

Considerando o disposto no art. 12 do Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, en canto ás funcións de confianza ou asesoramento especial que presta o persoal eventual, así como as condicións de nomeamento e cesamento do mesmo e nos arts. 104 e 104.bis da LRBRL; no uso das competencias que me atribúe o art. 124.4.b) e i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, pola presente:

**RESOLVO:**

Primeiro.- Deixar sen efecto a miña resolución de 15/08/2016, no que se refire ao nomeamento de D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Carmen Peralejo Abeleira, que deberá cesar no posto de auxiliar eventual do Grupo Municipal Socialista.

Segundo.- Nomear, con efectos económicos e administrativos do 01/12/2016, persoal eventual suxeito ao previsto no artigo 12 do Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do Estatuto Básico do Empregado Público, ás seguintes persoas nos seguintes postos:

POSTO	DEDICACION	RETR.BRUTA ANUAL	NOME
Asesora Alcaldía	Xornada completa	30.380,84 €	M <sup>a</sup> del Carmen Peralejo Abeleira, 36106863-Z
Auxiliar Admtva. Alcaldía	Xornada completa	27.710,08 €	Diana Roman Iglesias, 36166334-F

Terceiro.- Dispoñer que o réxime retributivo e o de prestación das funcións de confianza e asesoramento especial será o acordado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 19/06/2015, modificado polo acordo do mesmo órgano decisorio do 29/04/16.

Cuarto.- Dar conta a Xunta de Goberno Local e establecer así mesmo a súa inclusión no réxime de publicidade previsto no art. 104.bis da LRBRL, dispoñendo a publicación semestralmente na sede electrónica e no BOP da provincia do número de postos de traballo reservados a persoal eventual, dando conta ao Pleno da Corporación con carácter trimestral, e procedendo á correspondente publicación no Portal de Transparencia.

Quinto.- Notifíquese a presente ás interesadas, Xefatura da Área de Recursos Humanos e Formación, Negociado de Seguridade Social, Técnico de Organización e Planificación, Intervención Xeral, Tesourería Municipal, Gabinete Alcaldía e Grupo Municipal Socialista.”

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local queda informada.

### **8(17).-DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA CONCELLERÍA-DELEGADA DA ÁREA DE XESTIÓN MUNICIPAL (NOVEMBRO-DECEMBRO 2016). EXPTE. 28332/220.**

Dáse conta do informe-proposta de data 10/01/17, asinado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal e Persoal, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

ÚNICO.- Durante os meses de novembro e decembro foron dictadas pola Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal as resolucións que se indican, no exercicio das competencias que en materia de recursos humanos ostenta o dito órgano segundo o réxime de de-

legación competencial establecido para o período 2015-2019 (Decreto Excm. Alcaldía de 19/06/2015 e acordo XGL de mesma data, coas actualizacións correspondentes).

En consecuencia, e previa a conformidade do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, e en cumprimento do establecido nos actos administrativos de delegación citados en relación á dación de conta do exercicio das competencias delegadas, así como no previsto no artigo 9 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, pola presente propónse:

“ÚNICO.- Tomar razón, e en consecuencia quedar enterada, das resolucións dictadas pola Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal no exercicio das competencias atribuídas en materia de recursos humanos, segundo o réxime de delegación competencial establecido para o período 2015-2019, durante os meses de novembro e decembro de 2016, concretadas na relación seguinte:

–Decreto de data 03/11/2016 (expediente administrativo nº 28802-220): Autorización de realización de horas extraordinarias fora da xornada laboral ao persoal do servizo de Seguridade e Mobilidade (Protección Civil) para os meses de outubro, novembro e decembro de 2016.

–Decreto de data 04/11/2016 (expediente administrativo nº 28792-220): Adscrición provisional do funcionario de carreira con núm. de persoal 22415 á Área de Servizos Xerais de Vías e Obras no posto vacante 39-Xefe dos Servizos Xurídicos de Servizos Xerais.

–Decreto de data 04/11/2016 (expediente administrativo nº 28858-220): Autorización de permiso non retribuído á funcionaria interina con núm. de persoal 80630, traballadora social adscrita ao servizo de Benestar Social, entre as datas 04 e 18 de novembro de 2016 (ámbo-los dós incluídos).

–Decreto de data 07/11/2016 (expediente administrativo nº 28536-220): Declaración da xubilación obrigatoria do funcionario público municipal con núm. de persoal 10719.

–Decreto de data 07/11/2016 (expediente administrativo nº 28876-220): Declaración da xubilación obrigatoria da funcionaria pública municipal con núm. de persoal 15651.

–Decreto de data 11/11/2016 (expediente administrativo nº 28884-220): Execución de sentenza num. 230/2015, do xulgado do Social núm. 4 e sentenza 255/2015, do xulgado do Social núm. 1 de Vigo (títulos xudiciais).

–Decreto de data 17/11/2016 (expediente administrativo nº 28940-220): Aceptación da renuncia da funcionaria interina con cargo á praza vacante da empregada municipal con núm. de persoal 78717.

–Decreto de data 24/11/2016 (expediente administrativo nº 28877-220): Declaración da xubilación anticipada e voluntaria do empregado público municipal con núm. de persoal 13540.

–Decreto de data 24/11/2016 (expediente administrativo nº 28878-220): Declaración da xubilación anticipada e voluntaria do empregado público municipal con núm. de persoal 7232.

–Decreto de data 24/11/2016 (expediente administrativo nº 28980-220): Declaración da xubilación obrigatoria da empregada público municipal con núm. de persoal 8131.

–Decreto de data 13/12/2016 (expediente administrativo nº 29003-220): Execución de sentenza num. 444/2014, do procedemento núm. 474/2013, do xulgado do Social núm. 4 de Vigo.

–Decreto de data 14/12/2016 (expediente administrativo nº 29094-220): Recoñecemento de servizos prestados (trienios) da empregada pública municipal con núm. de persoal 83189.

–Decreto de data 14/12/2016 (expediente administrativo nº 29004-220): Autorización de realización de prácticas de alumnas da UNED no servizo de Benestar Social durante o período 09/01/2017 ao 27/02/2017.

–Decreto de data 20/12/2016 (expediente administrativo nº 29073-220): Liquidación de intereses na Execución de sentenza num. 98/2016, no procedemento núm. 667/2015, do xulgado do Social núm. 1 de Vigo.

–Decreto de data 20/12/2016 (expediente administrativo nº 29092-220): Autorización de redución de xornada laboral ao empregado público municipal con núm. de persoal 78751.

–Decreto de data 21/12/2016 (expediente administrativo nº 29002-220): Declaración da xubilación anticipada e voluntaria do empregado público municipal con núm. de persoal 20801.

–Decreto de data 21/12/2016 (expediente administrativo nº 29161-220): Declaración da xubilación obrigatoria do funcionario público municipal con núm. de persoal 12641.

–Decreto de data 21/12/2016 (expediente administrativo nº 29162-220): Declaración da xubilación obrigatoria da funcionaria pública municipal con núm. de persoal 14404.

–Decreto de data 22/12/2016 (expediente administrativo nº 29002-220): Rectificación de erro en acto administrativo da declaración da xubilación anticipada e voluntaria do funcionario público municipal con núm. de persoal 20801.

–Decreto de data 27/12/2016 (expediente administrativo nº 29194-220): Aceptación de renuncia da empregada pública municipal, funcionaria interina con cargo á praza vacante, con núm. de persoal 82113.

–Decreto de data 28/12/2016 (expediente administrativo nº 27968-220): Autorización de alzamento do carácter reservado do expte. Administrativo núm. 27968/220.

–Decreto de data 29/12/2016 (expediente administrativo nº 29160-220): Incoación de expediente administrativo para planificación e dirección estratéxica de formación.

## **Acordo**

A Xunta de Goberno local queda informada.

### **9(18).-ASISTENCIA, EN COMISIÓN DE SERVIZO, DA FUNCIONARIA CO Nº DE PERSOAL 78436 Á FEIRA INTERNACIONAL DE TEATRO FETEN 2017 EN XIXÓN. EXPTE. 15487/331.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 3/01/17, dáse conta do informe-proposta do 26/12/16, asinado pola xefa da oficina administrativa de Programación Cultural, o xefe do servizo de Xestión e Promoción



Cultural, o concelleiro-delegado de Cultura, o concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, e conformado polo secretario xeral do Pleno con data 27/12/16, que di o seguinte:

*O concelleiro-delegado da Área de Cultura, D. Cayetano Rodríguez Escudero, resolveu que polo Servizo de Cultura e Bibliotecas se iniciase o expediente necesario para encomendar á funcionaria Marta Núñez Aboy a asistencia en Comisión de Servizo á Feira Europea de Teatro para Nenos e Nenas Feten 2017, que terá lugar en Xixón entre os días 12 e 17 de febreiro de 2017.*

*A citada funcionaria, xefa da oficina administrativa de programación cultural, ven desempeñando funcións de programación de música, teatro e danza que desenvolve ao longo do ano o servizo de Cultura, así como a programación estable de artes escénicas que se desenvolve no Auditorio Municipal. Como consecuencia deste feito, a citada funcionaria realiza funcións de xestión da programación de artes escénicas relacionadas directamente coa feira á que se lle encomenda a citada comisión de servizo e que terá lugar en Xixón, entre os días 12 e 17 de febreiro de 2017. Ao comezar a feira o domingo día 12 de febreiro pola mañá e finalizar o venres 17 de febreiro pola noite, autorízase a saída o día anterior, sábado 11 de febreiro e o regreso ao día seguinte da finalización da feira, o sábado 18 de febreiro.*

*Ao non tratarse dun curso, encontro ou foro que se poida considerar como formación, senón dunha feira na que se visualizan ofertas de artes escénicas co obxectivo de realizar a posterior programación do servizo de Cultura, debería considerarse como unha viaxe oficial en comisión de servizo.*

*Estímanse pois uns gastos máximos que se xustificarán posteriormente e que previsiblemente serán inferiores que os estimados no presente informe:*

- 225,68 € en concepto de 8 dietas de manutención.
- 342,44 € en concepto de 7 dietas de aloxamento.
- 450,00 € en concepto de gastos de transporte (gasoliña, posibles peaxes, parking, etc.).

*As dietas se corresponden coa lexislación vixente correspondente aos grupos C1, ao que pertence a citada funcionaria.*

*Polo exposto, e coa conformidade do xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, do concelleiro-delegado da Área de Cultura, do concelleiro-delegado de Xestión Municipal e do concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, faise a seguinte*

#### PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

1. Encomendar á funcionaria Marta Núñez Aboy, con nº de persoal 78436 e NIF 36138380K, a asistencia á Feira Europea de Teatro para nenos e nenas Feten 2017, que terá lugar en Xixón entre os días 12 e 17 de febreiro de 2017, en comisión de servizo por tratarse dunha viaxe oficial.
2. Autorizar a saída o día 11 de febreiro e o regreso o día 18 de febreiro.

3. Autorizar a utilización de vehículo particular para realizar a viaxe e desplazamentos por Xixón.
4. Autorizar os seguintes gastos: 568,12 € en concepto de 8 dietas de manutención e 7 de aloxamento, con cargo á partida 3340.230.20.00 "dietas de personal" e 450 € en concepto de transporte e locomoción, con cargo á partida 3340.231.20.00 "locomoción do persoal non directivo".
5. Que o citado pagamento se realice a favor de Marta Núñez Aboy, NIF 36138380K, a través da conta de habilitación ES45 2080 5000 6931 1030 2692.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **10(19).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN TRAMITADOS POLO RÉXIME DE GASTO MENOR REALIZADOS POLO SERVIZO DE MUSEOS MUNICIPAIS NO MES DE DECEMBRO DE 2016. EXPTE. 1772/341.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 03/01/17, asinado polo xefe do Servizo de Museos municipais e o concelleiro-delegado da Área de Cultura, que di o seguinte:

*En cumprimento coa base 31 das de execución do orzamento para o ano 2016, o concelleiro-delegado da Área de Cultura, D. Cayetano Rodríguez Escudero, dá conta á Xunta de Goberno Local, dos expedientes de gasto menor tramitados polo Servizo de Museos Municipais (341), Verbum (340) e Museos Quiñones de León (337) no mes de DECEMBRO, e que son os que deseguido se relacionan:*

#### **DECEMBRO 2016**

CENTRO OU SERVIZO	CONCEPTO	DATA	IMPORTE
SERVIZO MUSEOS (341)	Expte. 1713-341. Reserva xenérica de crédito para subministración de material de ferretería e lámparas para Casa das Artes. SUMINISTROS PUNTO FIJO, S.L., ALBERTO FDEZ ALONSO, NUEVA GENERACIÓN GYP, KILOVATIO GALICIA, S.L. ORVILUX S.L. RCM 123739.	14/12/16	3.752,56 €
SERVIZO MUSEOS (341)	Expte. 1735-341. Adquisición a Nova Galicia Edicións, S.L. De 20 exemplares do Catálogo Universal de Laxeiro para atencións protocolarias da Concillería de Cultura. NOVA GALICIA EDICIÓN, S.L. RCM 127402.	21/12/16	5.304,00 €

CENTRO OU SERVICIO	CONCEPTO	DATA	IMPORTE
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 5851-337. Servizo de montaxe de exposición para a planta primeira do Pazo Museo "Quiñones de León". DAEXGA montaxes efímeros. CIF: B627570047. RCM 120956.	02/12/16	10.647,47 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 5864-337. Servizo de edición de material gráfico e rotulación da exposición "Circa 70. Lírica e deformación no cambio de era". ECOVIGO PUBLICIDAD, S.L. RCM 121038.	05/12/16	2.418,43 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 5852-337. Servizo de edición de material gráfico e rotulación da exposición para a planta primeira do Pazo Museo "Quiñones de León". ECOVIGO PUBLICIDAD, S.L. RCM 121955.	07/12/16	4.188,42 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 5868/337. Servizo limpeza e reenmarcado de obras de Benito Conde Corbal para a exposición "Circa 70. Lírica e deformación no cambio de era". MARÍA ROSA SEOANE GÁMEZ, NIF 770006838D. RCM 124407.	16/12/16	983,46 €
VERBUM (340)	Expte. 2566/340. Contrato menor de servizos para reparación de balizas na zona exterior de acceso ao Verbum. GALLEGA DE ELECTRICIDAD VIGO, S.L. CIF: B36777647. RCM 127311.	21/12/16	1.134,98 €

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local queda informada.

### **11(20).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez